
O proxecto Discognitios posibilita a telerehabilitación de persoas maiores

- Actualizado ()

O Centro de Supercomputación de Galicia, xunto co Grupo de investigación en Xerontoloxía da Universidade de A Coruña, veñen de crear unha aplicación informática para a telerehabilitación cognitiva de persoas maiores.

Discognitios é un proxecto financiado pola Dirección Xeral de Investigación Desenvolvemento e Innovación que están a levar a cabo o Grupo de investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña e a área de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia.

No marco deste proxecto, que se está a desenvolver entre os anos 2004 e 2007, e que ten como principal obxectivo desenvolver unha ferramenta de teleestimulación cognitiva que permita levar aos domicilios das persoas maiores diferentes contidos no ámbito da estimulación cognitiva, elaborouse unha base de datos on line na que se poden buscar aplicacións informáticas, fundamentalmente xogos e exercicios, dirixidas a persoas maiores que presenten alteracións na súas capacidades mentais superiores entre as que destacan a orientación, a memoria, a percepción, a linguaxe ou o cálculo. Tamén son potenciais usuarios desta plataforma aqueles maiores que presenten perda de memoria asociada á idade.

Para a elaboración desta base de datos, avaliáronse máis de cento cincuenta aplicacións, atendendo tanto ao grao e ao tipo de deterioro cognitivo así como ao grao de accesibilidade dos potenciais usuarios, as persoas maiores.

Posteriormente, e para validar a aplicabilidade destes programas, realizouse un traballo de campo con un grupo piloto de persoas maiores, que utilizaron aquelas actividades que foron mellor valoradas na fase de avaliación.

Nesta aplicación online, que calquera persoa interesada pode consultar na páxina Web <http://lembra.cesga.es>, onde, ademais de ofrecer as aplicacións adaptadas a cada persoa en función do tipo de deterioro cognitivo que presente, tamén proporciona información a aqueles profesionais da xerontoloxía que queiran ampliar os seus coñecementos neste campo de estudo, facilitando información sobre programas informáticos que permiten o deseño e desenvolvemento de aplicacións para a rehabilitación cognitiva, así como plataformas para a telerehabilitación cognitiva.